

ACTA DO XURADO DA XX EDICIÓN DOS PREMIOS MANUEL BEIRAS

O 11 de decembro de 2019, ás 17.00 horas, reúnese na Cámara de Comercio de Santiago o xurado dos Premios Manuel Beiras formado, segundo as bases que rexen este premio, polas seguintes persoas:

Xabier Freire, representante da Cámara de Comercio de Santiago, que preside a sesión
Noa Díaz, concelleira do Concello de Santiago.

Gregorio Ferreiro, representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Ernesto Xosé González, en nome da Universidade de Santiago de Compostela.

Miguel López Crespo, en representación da Unión de Consumidores de Galicia.

Darío Janeiro, designado polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

David Cobas, en nome da Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización Lingüística.

Alonso Alvite e Sabela Asorey, en representación da empresa Construcións Alvite González, premiada na edición anterior na categoría de uso continuado do galego.

Actúa de secretaria a técnica de comunicación da Cámara de Comercio de Santiago.

Despois de examinar as propostas formuladas, o xurado resolve conceder o Premio Manuel Beiras, por unanimidade ás empresas e polos motivos que se indican a seguir.

Premio Uso continuado do galego

Strelia Electrotecnia

O xurado decidiu premiar a Strelia Electrotecnia por empregar o galego nun sector empresarial innovador e dinámico como é o da electrónica de telecomunicacións e industrial, no que desenvolve solucións de electrónica profesional en campos como as telecomunicacións, a oceanografía, as ciencias da terra, o control industrial e a eficiencia enerxética. Tendo en conta que gran parte da súa clientela se sitúa fóra das nosas fronteiras, a súa escolla lingüística demostra que o galego serve para comunicarse, mais tamén para transmitir valores como o de calidade, compromiso, seriedade e respecto pola diversidade natural, social e cultural.

Premio Nova incorporación

Numax

O xurado decidiu premiar a Numax Sociedade Cooperativa Galega por incorporar a lingua a un proxecto empresarial que tiña tanto de arriscado como de atractivo e innovador. Sala de cinema; librería; cafetería; laboratorio de deseño, comunicación e produción... En definitiva, espazo de encontro social e cultural nunha cidade viva que sabe acoller como se merecen propostas deste calado. Numax representa un lugar onde o galego comparte protagonismo coas historias que alí suceden.

Distinción especial

Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos

O xurado decidiu premiar á Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos co premio da distinción especial porque, ao longo dos seus 98 anos de historia, diferentes xeracións de compostelás e composteláns tiveron a oportunidade de se formaren no coñecemento do folclore galego, polo que tamén se converteron en coñecedoras e transmisoras do importante legado lingüístico que este atesoura. O respecto polo galego, neste caso, traspasou as paredes das aulas e reflectiuse noutros ámbitos sociais. Cantigas e Agarimos é unha entidade que xa forma parte do valioso patrimonio cultural da cidade de Santiago de Compostela.

Sen máis, remata a sesión ás 20.00 horas, do que, como secretaria dou fe.

A SECRETARIA

Visto e prace
O PRESIDENTE

María Montoto

Xavier Freire